



INSTRUCCIÓN PARA OS CENTROS AXUDAS NEAE 2023/2024.

Por favor, é importante que lea detidamente todas as instrucións, para axilizar a tramitación da convocatoria.

1) As solicitudes cubriránse **a través da web da sede electrónica do Ministerio de Educación. Una vez cuberta pola familia, deberán imprimir, asinar a solicitude e presentala no centro educativo.**

2) En todas as solicitudes presentadas é obrigatorio o **informe favorable ou desfavorable** do departamento de orientación. O devandito departamento **debe marcar en todas as solicitudes cun X a necesidade específica de apoio educativo** que presenta o escolar e asinar a certificación.

3) EN CASO DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA O CENTRO TRAMITADOR DEBE SER O CENTRO DE ESTUDOS ORDINARIO. (Non o centro de Educación Especial). Nestes casos o orientador deberá informar da idoneidade de complementar os apoios da escolarización combinada con esta convocatoria de axudas de necesidades específicas. **Non son incompatibles.**

4) O prazo para solicitar a axuda e presentala no centro educativo con toda a documentación, comenza o 8 de maio e finaliza o 20 de setembro de 2023.

5) O centro comprobará que todos os apartados están ben cubertos e **asinados.**

É IMPRESCINDIBLE:

- Asinar para autorizar á administración educativa a obter doutras administracións públicas a información que resulte precisa para a determinación, coñecemento e comprobación de todos os datos de identificación e circunstancias persoais así como da renda e patrimonio necesarias para a resolución da solicitude.
- Que todos os membros da familia maiores de idade asinen a solicitude.

6) Comprobar **dende o centro** que achegan a seguinte documentación:

- en todos os casos:
Fotocopia dos dni o nie.
Certificado bancario do número de conta na que obrigatoriamente **debe figurar o alumno.**
- en caso de atoparse nas seguintes circunstancias:
Fotocopia do documento que acredite ser **familia numerosa.**
Certificado de **discapacidade** igual ou superior ó 33%.

7) No caso de propoñer **TRANSPORTE:**

Remítirase un informe firmado polo director ou orientador do centro no que acredite o custo mensual, a necesidade do alumno de utilizar o transporte así como, a declaración responsable que garante que este concepto non se atopa cuberto por outros servizos ou fondos públicos (axudas municipais ou autonómicas para a mesma finalidade).



Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Apoio aos Servizos Educativos
Sección de Bolsas

¿Transporte urbán ou transporte interurbán?

- No caso de que o centro escolar e a residencia habitual do alumno radiquen no mesmo concello propoñeráse transporte urbán, no caso de tratarse de diferentes concellos, correspóndelle transporte interurbán (xúntase ambos modelos).
- tamén estará cuberto o transporte particular efectuado polos pais cando o centro informe de que o alumno non pode realizar o desprazamento polos seus propios medios.

8) No caso de propoñer **COMEDOR ESCOLAR**:

- Debe utilizar o comedor escolar.
- Debe de vir acompañado do informe no que apareza o **custo e necesidade do servizo**. (modelo adxunto)

MOI IMPORTANTE

Darase rexistro de entrada á solicitude e entregarse **RESGARDO DA SOLICITUDE selado polo centro á familia**.

Unha vez estean as bolsas cubertas, asinadas, revisadas e con toda a documentación, remitiránse a esta sección de bolsas **antes do día 30 de setembro**, mediante oficio no que se relacionarán todos os solicitantes, **por orde alfabética**. (Artigos 11 e 13 da convocatoria).

Só necesitan a firma de Inspección as axudas de Reeduación pedagóxica e da linguaxe.

As solicitudes poden enviarse por lotes ao longo do prazo de presentación para axilizar a concesión e pago das axudas.

Suxerimos que o envío das axudas fágase, na medida do posible, por **correo postal**, xa que a documentación escaneada non é válida necesítanse os documentos e firmas orixinais.

Deben enviala á seguinte dirección:

Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Universidades
Sección de bolsas
Vicente Ferrer, 2, 9º
15008 -A Coruña

É moi importante que os **certificados** da solicitude **A),B), en su caso C) y D)** cúbranse na súa totalidade para poder tramitar as axudas.

NOVEDADES

Non se introducen cambios na convocatoria en relación a cursos anteriores, salvo o **subsídio** de contía fixa para gastos adicionais de carácter xeral, cun importe de 400 euros, para o que non se terá en conta o límite de renda establecido para as axudas.

Todos os alumnos que teñan as necesidades de apoio educativo recollidas na convocatoria (art.1.d), terán dereito a estes 400€ adicionais que poden solicitar como única axuda.